- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

### **III.3 2º ESO – Obxectivos prioritarios**

En 2º ESO os obxectivos prioritarios na materia de música serán os contemplados nos apartados a, b, d, e, f, g, h, l, m, n, ñ. Principalmente nos obxectivos e, n e ñ.

### **III.4 4º ESO – Obxectivos prioritarios**

En 4º ESO os obxectivos a lograr na materia de música serán o a, b, c, e, f, g, h, i, l, m, n, ñ, o. Centrarémonos principalmente nos obxectivos a, e, l e n.

### **III.5 HMD – Obxectivos prioritarios**

Na materia de HMD os obxectivos a lograr na materia de música serán o a, b, d, e, g, h, i, l, m, n, p. Centrarémonos principalmente nos obxectivos d, h, n e p.

## **IV Concreción estándares – temporalización – grao mínimo – procedementos e instrumentos de avaliación.**

De seguido detállanse os estándares de aprendizaxe avaliábeis e a súa temporalización no desenvolvemento do curso atendendo a súa ubicación dentro da 1ª, 2ª ou 3ª avaliación ou á súa consideración en varias. Neste último caso cómpre entender que moitos bloques de contidos, especialmente en Educación Secundaria, non teñen unha temporalización lineal. É dicir, non se comeza un logo de rematar outro, senón que todos están interrelacionados e conectados explorándose conxuntamente durante o

curso. Escoitamos, tocamos e cantamos, contextualizamos... todos os días. A práctica vocal e instrumental dunha peza, pode atinxir aos bloques de interpretación e creación, pero sempre ao de escoita, e moi recomendablemente ao de contextualización do escoitado e interpretado. A materia de Historia da Música e da Danza terá unha abordaxe lineal seguindo os períodos históricos.

No grao mínimo de consecución utilizamos a escala:

**Nivel 0:** Consecución nula, pasividade total. (Indicada con notas entre 0 e 2.)

**Nivel 1:** Consecución insuficiente. (Indicada con notas entre 3 e 4.)

**Nivel 2:** Consecución suficiente. (Indicada con notas entre 5 e 6).

**Nivel 3:** Consecución boa. (Indicada con notas entre 7 e 8.)

**Nivel 4:** Logro excelente (Indicada con notas entre 9 e 10.)

Entre os procedementos e instrumentos de avaliación sinalamos:

**Observación** e posterior rexistro.

Seguimento de **libreta** con partituras, exercicios, apuntamentos, comentarios...

Proba escrita e/ou **preguntas** en clase; anotación e rexistro.

**Práctica** musical e audiovisual.

#### IV.1 Concreción 2º ESO

Estándar	Temporal	Grao	Instrumentos
<b>I. Interpretación e creación</b>			
▪ MU B1.1.1. Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada.	1ª, 2ª, 3ª	2	Práctica Preguntas
▪ MU B1.1.2. Recoñece e aplica os ritmos e os compases a través da lectura ou a audición de pequenas obras ou fragmentos musicais.	1ª, 2ª, 3ª	2	Práctica Preguntas
▪ MU B1.1.3. Identifica e transcribe ditados de patróns rítmicos e melódicos con formulacións sinxelas en estruturas binarias, ternarias e cuaternarias.	1ª, 2ª, 3ª	2	Libreta Preguntas

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MU B1.2.1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).</li> </ul>	1ª, 2ª, 3ª	2	Libreta Preguntas Práctica
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MU B1.3.1. Improvisa e interpreta estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns.</li> </ul>	1ª, 2ª, 3ª	2	Práctica
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MU B1.3.2. Utiliza os elementos e os recursos adquiridos para elaborar arranxos e crear cancións, pezas instrumentais e coreografías.</li> </ul>	1ª, 2ª, 3ª	2	Libreta Práctica
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MU B1.4.1. Aмосa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos.</li> </ul>	1ª, 2ª, 3ª	2	Práctica
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MU B1.4.2. Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz.</li> </ul>	1ª, 2ª, 3ª	2	Práctica
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MU B1.4.3. Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.</li> </ul>	1ª, 2ª, 3ª	2	Práctica
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MU B1.4.4. Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel.</li> </ul>	1ª, 2ª, 3ª	2	Práctica
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MU B1.4.5. Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público.</li> </ul>	1ª, 2ª, 3ª	2	Práctica
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MU B1.5.1. Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas.</li> </ul>	1ª, 2ª, 3ª	2	Práctica
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MU B1.5.2. Aмосa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades, e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras.</li> </ul>	1ª, 2ª, 3ª	3	Observacion
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MU B1.6.1. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos e culturas, través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel.</li> </ul>	1ª, 2ª, 3ª	2	Práctica Observación
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MU B1.6.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego.</li> </ul>	1ª, 2ª, 3ª	2	Práctica Observación



<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MU B1.6.3. A moso apertura e respecto cara ás propostas do profesorado e dos compañeiros e as compañeiras.</li> </ul>	1ª, 2ª, 3ª	3	Observación Rexistro
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MU B1.6.4. Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo.</li> </ul>	1ª, 2ª, 3ª	2	Práctica Observación
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MU B1.6.5. Participa activamente en grupos vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa.</li> </ul>	1ª, 2ª, 3ª	2	Práctica Observación
<b>II.    <i>Escoita</i></b>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MU B2.1.1. Diferencia as sonoridades dos instrumentos da orquestra, así como a súa forma e os diferentes tipos de voces.</li> </ul>	3ª	2	Pregunta
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MU B2.1.2. Diferencia as sonoridades dos instrumentos máis característicos da música popular moderna, folclore e outras agrupacións.</li> </ul>	1ª, 2ª, 3ª	2	Pregunta
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MU B2.2.1. Sigue partituras como apoio á audición.</li> </ul>	1ª, 2ª, 3ª	2	Observación
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MU B2.3.1. Valora e aplica o silencio como elemento indispensable na interpretación e na audición.</li> </ul>	1ª, 2ª, 3ª	2	Práctica Observación
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MU B2.4.1. Describe os elementos das obras musicais propostas.</li> </ul>	1ª, 2ª, 3ª	2	Pregunta
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MU B2.4.2. Utiliza de xeito guiado recursos como apoio á análise musical.</li> </ul>	1ª, 2ª, 3ª	2	Pregunta
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MU B2.4.3. Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de forma oral e escrita, con rigor e claridade.</li> </ul>	1ª, 2ª, 3ª	2	Pregunta
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MU B2.5.1. Toma conciencia da contribución da música á calidade da experiencia humana, amosando unha actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música.</li> </ul>	1ª, 2ª, 3ª	2	Observación Rexistro
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MU B2.5.2. Elabora traballos de indagación sobre a contaminación acústica.</li> </ul>	1ª	2	Proxecto Traballo Rúbrica 2
<b>III.    <i>Contextos musicais e culturais</i></b>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MU B3.1.1. Recoñece, crea e interpreta distintas manifestacións da danza.</li> </ul>	1ª, 2ª, 3ª	2	Práctica Observación
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MU B3.1.2. Distingue as diversas funcións que cumpre a música na nosa sociedade.</li> </ul>	1ª, 2ª, 3ª	2	Pregunta

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MU B3.2.1. Aмосa interese por coñecer os xéneros musicais e as súas funcións expresivas, gozando deles como oínte con capacidade selectiva.</li> </ul>	1ª, 2ª, 3ª	2	Observación
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MU B3.3.1. Valora e respecta a importancia do patrimonio musical español e galego.</li> </ul>	1ª, 2ª, 3ª	2	Observación
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MU B3.3.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego.</li> </ul>	1ª, 2ª, 3ª	2	Práctica Observación
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MU B3.3.3. Coñece e describe os instrumentos tradicionais españois e galegos.</li> </ul>	1ª, 2ª, 3ª	2	Pregunta
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MU B3.3.4. Contribúe á conservación, a recuperación e a transmisión do patrimonio musical galego, colaborando na recollida, na gravación e na transcrición de pezas.</li> </ul>	1ª, 2ª, 3ª	2	Proxecto Traballo
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MU B3.4.1. Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais.</li> </ul>	1ª, 2ª, 3ª	2	Pregunta
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MU B3.4.2. Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade.</li> </ul>	1ª, 2ª, 3ª	2	Pregunta
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MU B3.5.1. Utiliza diversas fontes de información de xeito guiado para indagar sobre novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc., e realiza unha revisión crítica desas producións.</li> </ul>	1ª, 2ª, 3ª	2	Proxecto Traballo
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MU B3.5.2. Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias.</li> </ul>	1ª, 2ª, 3ª	2	Observación Rexistro
<b><i>IV. Música e tecnoloxías</i></b>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB4.1.1. Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízalas como ferramentas para a actividade musical.</li> </ul>	3ª	2	Proba escrita
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB4.1.2. Participa na produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías.</li> </ul>	3ª	2	Práctica
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MUB4.2.1. Utiliza de xeito guiado as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados coa música.</li> </ul>	1ª, 2ª, 3ª	2	Libreta Proxecto Traballo

**IV.2 Concreción 4º ESO**

<b>Estándar</b>	<b>Temporal</b>	<b>Grao</b>	<b>Instrumento</b>
<b><i>I. Interpretación e creación</i></b>			
▪ MU B1.1.1. Aplica as habilidades técnicas nas actividades de interpretación, colabora co grupo e respecta as regras para lograr un resultado acorde coas súas propias posibilidades.	1ª, 2ª, 3ª	3	Práctica Observación
▪ MU B1.1.2. Le partituras como apoio á interpretación.	1ª, 2ª, 3ª	2	Práctica Observación
▪ MU B1.1.3. Coñece e cumpre as normas establecidas para realizar as actividades da aula.	1ª, 2ª, 3ª	3	Práctica Observación
▪ MU B1.2.1. Interpreta e memoriza un repertorio variado de cancións, pezas instrumentais e danzas cun nivel de complexidade en aumento.	1ª, 2ª, 3ª	2	Práctica Observación Rúbrica 1
▪ MU B1.3.1. Coñece e utiliza axeitadamente técnicas, recursos e procedementos compositivos para elaborar arranxos musicais, improvisar e compor música.	3ª	2	Práctica Observación
▪ MU B1.3.2. Utiliza con autonomía recursos informáticos ao servizo da creación musical.	3ª	2	Proxecto Traballo
▪ MU B1.4.1. Coñece e analiza o proceso seguido en diversas producións musicais (discos, programas de radio e televisión, cine, etc.) e o papel xogado en cada fase do proceso polos/as profesionais que interveñen.	1ª, 2ª, 3ª	2	Práctica Observación
<b><i>II. escoita</i></b>			
▪ MUB2.1.1. Analiza e comenta as obras musicais propostas, axudándose de diversas fontes documentais.	1ª, 2ª, 3ª	2	Práctica Observación
▪ MU B2.1.2. Le e analiza partituras como apoio á audición.	1ª, 2ª, 3ª	2	Práctica
▪ MU B2.2.1. Analiza críticas musicais e utiliza un vocabulario axeitado para a elaboración de críticas orais e escritas sobre a música escoitada.	1ª, 2ª, 3ª	2	Proxecto Traballo
▪ MU B2.3.1. Utiliza con rigor un vocabulario axeitado para describir a música.	1ª, 2ª, 3ª	2	Preguntas
▪ MU B2.4.1. Recoñece e compara os trazos	1ª, 2ª, 3ª	2	Práctica

distintivos de obras musicais, e descríbeos utilizando unha terminoloxía axeitada.			Preguntas
▪ MU B2.4.2. Sitúa a obra musical nas coordenadas de espazo e tempo.	1ª, 2ª, 3ª	2	Preguntas
▪ MU B2.4.3. Aмосa interese, respecto e curiosidade pola diversidade de propostas, así como polos gustos musicais doutras persoas.	1ª, 2ª, 3ª	3	Observación
▪ MU B2.5.1. Aмосa unha actitude crítica ante o papel dos medios de comunicación na difusión e na promoción da música.	2ª, 3ª	2	Observación
▪ MU B2.6.1. Coñece e explica o papel da música en situacións e contextos diversos: actos cotiás, espectáculos, medios de comunicación, etc.	1ª, 2ª, 3ª	2	Preguntas
<b>III. Contextos musicais e culturais</b>			
▪ MU B3.1.1. Aмосa interese por coñecer o patrimonio musical español e galego.	1ª, 2ª, 3ª	2	Observación
▪ MU B3.1.2. Coñece as testemuñas importantes do patrimonio musical español e galego, e sitúaos no seu contexto histórico e social.	1ª, 2ª, 3ª	2	Preguntas
▪ MU B3.2.1. Analiza a través da audición músicas de distintos lugares do mundo e identifica as súas características fundamentais.	1ª, 2ª, 3ª	2	Libreta Preguntas
▪ MU B3.2.2. Recoñece e explica as características básicas da música española e da música popular urbana.	1ª, 2ª, 3ª	2	Preguntas
▪ MU B3.3.1. Elabora traballos de investigación nos que establece sinerxías entre a música e outras manifestacións artísticas.	1ª, 2ª, 3ª	2	Libreta Proxecto Traballo
▪ MU B4.4.1. Realiza traballos e exposicións ao resto do grupo sobre a evolución da música popular.	1ª, 2ª, 3ª	2	Libreta Proxecto Traballo
▪ MU B4.4.2. Utiliza os recursos das novas tecnoloxías para expor os contidos claramente.	1ª, 2ª, 3ª	2	Proxecto Traballo
<b>IV. Música e tecnoloxías</b>			
▪ MU B4.1.1. Selecciona e utiliza recursos tecnolóxicos para diferentes aplicacións.	3ª	2	Proxecto Traballo
▪ MU B4.1.2. Comprende a transformación de valores, hábitos, consumo e gusto musical como consecuencia dos avances tecnolóxicos.	3ª	2	Preguntas
▪ MU B4.2.1. Manexa as técnicas básicas necesarias para a elaboración dun produto audiovisual.	1ª, 2ª, 3ª	2	Práctica
▪ MU B4.3.1. Sabe procurar e seleccionar fragmentos musicais axeitados para sonorizar secuencias de imaxes.	1ª, 2ª	2	Práctica Proxecto Traballo

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MU B4.3.2. Sonoriza imaxes fixas e en movemento mediante a selección de músicas preexistentes ou a creación de bandas sonoras orixinais.</li> </ul>	1ª, 2ª	2	Proxecto Traballo Rúbrica 2
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MU B4.4.1. Utiliza con autonomía as fontes de información e os procedementos apropiados para indagar e elaborar traballos relacionados coa función da música nos medios.</li> </ul>	1ª, 2ª, 3ª	2	Proxecto Traballo
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MU B4.5.1. Amona interese por coñecer as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías como ferramentas para a actividade musical.</li> </ul>	2ª, 3ª	2	Observación Rexistro
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MU B4.5.2. Coñece e consulta fontes de información impresa ou dixital para resolver dúbidas e para avanzar na aprendizaxe autónoma.</li> </ul>	1ª, 2ª, 3ª	2	Proxecto Traballo
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ MU B4.5.3. Utiliza a información de xeito crítico, obtena de distintos medios e pode utilizala e transmitila utilizando distintos soportes.</li> </ul>	1ª, 2ª, 3ª	2	Proxecto Traballo

### IV.3 Concreción HDM – 2º Bacharelato

Estándar	Temporal	Grao	Instrumento
<b><i>I. Percepción, análise e documentación</i></b>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HMD B1.1.1. Realiza desde unha perspectiva persoal unha valoración estética e crítica dunha obra concreta ou dunha interpretación dela.</li> </ul>	1ª, 2ª, 3ª	2	Preguntas
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HDM B1.1.2. Domina o vocabulario e a terminoloxía científica aplicados á música e á danza.</li> </ul>	1ª, 2ª, 3ª	2	Preguntas
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HDM B1.1.3. Consulta e contrasta as fontes de información adecuadas para a elaboración dos comentarios.</li> </ul>	1ª, 2ª, 3ª	2	Preguntas
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HDM B1.2.1. Identifica sitúa cronoloxicamente os diferentes períodos da historia da música e da danza.</li> </ul>	1ª, 2ª, 3ª	2	Preguntas
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HDM B1.2.2. Coñece e explica as principais características dos estilos, xéneros ou escolas, e detecta as diferenzas entre varias obras.</li> </ul>	1ª, 2ª, 3ª	2	Preguntas
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HDM B1.2.3. Contextualiza a obra no seu momento histórico e/ou estilístico.</li> </ul>	1ª, 2ª, 3ª	2	Preguntas

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HDM B1.3.1. Comprende e explica a complexidade do fenómeno artístico, e extrae conclusións propias con base nos coñecementos adquiridos na materia.</li> </ul>	1ª, 2ª, 3ª	2	Preguntas
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HDM B1.3.2. Entende e explica a función das obras e a influencia na sociedade e noutras disciplinas artísticas no momento da súa creación.</li> </ul>	1ª, 2ª, 3ª	2	Preguntas
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HDM B1.3.3. Comprende e describe o proceso creativo de músicos/as e coreógrafos/as.</li> </ul>	1ª, 2ª, 3ª	2	Preguntas
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HMD B1.4.1. Describe as formulacións plasmadas polo/pola autor/a do texto, en relación coas correntes estéticas e estilísticas dunha época concreta.</li> </ul>	1ª, 2ª, 3ª	2	Preguntas
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HMD B1.4.2. Elabora una análise de texto de xeito ordenado e metódico, sintetizando as ideas, distinguindo a información principal da secundaria e usando un vocabulario técnico acorde.</li> </ul>	1ª, 2ª, 3ª	2	Preguntas
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HMD B1.5.1. Comprende e explica o papel da música e da danza, e o xeito en que se relaciona con outras artes, para configurar xunto a elas unha obra artística total.</li> </ul>	1ª, 2ª, 3ª	2	Preguntas
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HMD B1.5.2. Explica a utilización que se fixo da música nunha situación concreta.</li> </ul>	1ª, 2ª, 3ª	2	Preguntas
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HMD B1.5.3. Selecciona pezas musicais para sonorizar ou ambientar situacións artísticas concretas.</li> </ul>	3ª	2	Proxecto Traballo
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HMD B1.6.1. Transmite certeza e seguridade na comunicación das ideas, e dominio do tema de investigación.</li> </ul>	3ª	2	Observación Rexistro
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HMD B1.6.2. Selecciona correctamente temas obxecto de investigación, establecendo prioridades e superando con creatividade os obstáculos que vaian xurdindo.</li> </ul>	3ª	2	Proxecto Traballo
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HMD B1.6.3. Asume con responsabilidade o seu papel no traballo en grupo, tomando as decisións pertinentes.</li> </ul>	1ª, 2ª, 3ª	2	Observación
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HMD B1.6.4. Expón as súas reflexións sobre o proceso de investigación e elabora conclusións sobre o procedemento establecido, a repartición do traballo, as conclusións obtidas e unha posible continuación da investigación, facendo explícitas as impresións persoais sobre a experiencia.</li> </ul>	3ª	2	Proxecto Traballo
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HMD B1.6.5. Expón de xeito preciso e ordenado os resultados do seu traballo de investigación, e cita as fontes consultadas.</li> </ul>	3ª	2	Proxecto Traballo

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HMD B1.6.6. Utiliza as novas tecnoloxías da información e da comunicación, así como distintos medios e soportes técnicos.</li> </ul>	1ª, 2ª, 3ª	2	Proxecto Traballo
<b>II. A música e danza da Antigüidade á Idade</b>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HMD B2.1.1. Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas.</li> </ul>	1ª	2	Proba escrita
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HMD B2.1.2. Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste período</li> </ul>	1ª	2	Proba escrita
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HMD B2.2.1. Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autora determinada, establecendo xuízos críticos.</li> </ul>	1ª	2	Proba escrita
<b>III. O Renacemento</b>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HMD B3.1.1. Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas.</li> </ul>	1ª	2	Proba escrita
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HMD B3.1.2. Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste período.</li> </ul>	1ª	2	Proba escrita
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HMD B3.2.1. Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autor/a determinado/a, e establece xuízos críticos.</li> </ul>	1ª	2	Proba escrita
<b>IV. O Barroco</b>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HMD B4.1.1. Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas.</li> </ul>	1ª	2	Proba escrita
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HMDB4.1.2. Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste período.</li> </ul>	1ª	2	Proba escrita
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HMDB4.2.1. Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autor/a determinado/a, e estable xuízos críticos.</li> </ul>	1ª	2	Proba escrita
<b>V. O Clasicismo</b>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HMD B5.1.1. Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas.</li> </ul>	2ª	2	Proba escrita

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HMD B5.1.2. Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste período.</li> </ul>	2ª	2	Proba escrita
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HMD B5.2.1. Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autor/a determinado/a, e establece xuízos críticos.</li> </ul>	2ª	2	Proba escrita
<p><b><i>VI. O Romanticismo, o Nacionalismo e o Posromanticismo</i></b></p>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HMD B6.1.1. Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas.</li> </ul>	2ª, 3ª	2	Proba escrita
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HMD B6.1.2. Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste período.</li> </ul>	2ª, 3ª	2	Proba escrita
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HMDB6.2.1. Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autor/a determinado/a, e establece xuízos críticos.</li> </ul>	2ª, 3ª	2	Proba escrita
<p><b><i>VII. Primeiras tendencias modernas</i></b></p>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HMDB7.1.1. Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas.</li> </ul>	3ª	2	Proba escrita
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HMDB7.1.2. Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste período.</li> </ul>	3ª	2	Proba escrita
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HMDB7.2.1. Analiza a complexidade de circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autor/a determinado/a, e establece xuízos críticos.</li> </ul>	3ª	2	Proba escrita
<p><b><i>VIII. Música e Danza na segunda metade do século XX</i></b></p>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HMDB8.1.1. Capta e describe o carácter, o xénero, as características estéticas e os trazos estilísticos máis importantes das obras propostas.</li> </ul>	3ª	2	Proba escrita
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HMDB8.1.2. Coñece e describe as obras e os/as autores/as máis representativos/as deste período.</li> </ul>	3ª	2	Proba escrita
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ HMDB8.2.1. Analiza a complexidade de</li> </ul>	3ª	2	Proba escrita



circunstancias que, pola súa importancia, determinen o desenvolvemento dunha época, un estilo ou un/unha autor/a determinado/a, e establece xuízos críticos.			
<b>IX. A música tradicional no mundo</b>			
▪ HMDB.9.1.1. Coñece e describe as principais características da música e da danza tradicional, distinguindo estilos de canto, melodías, escalas, texturas e ritmos.	3ª	2	Proba escrita

## V Concrecións metodolóxicas

As propias da liberdade de cátedra do docente.

## VI Materiais e recursos didácticos

Os propios do uso correcto do material da aula de música (descrito no apartado I.2) e o uso cotidiano do instrumental musical obrigatorio (fruta de pico ou aquel outro que se designe excepcionalmente a cada discente).

Nin na ESO nin no Bacharelato se usará libro de texto, nin en propiedade, nin en aluguer. Os materiais didácticos ao alumnado son facilitados polo profesorado en fotocopias e/ou arquivos dixitais de texto e/ou imaxes, audios...

A disposición tamén os recursos da Biblioteca, Aula de Informática, Anfiteatro, “Salón de Actos” do centro e máis a telefonía privada de docentes/discentes.

## VII Bloques de contidos

Expostos por cursos, os principais bloques de contidos son:

### VII.1 Contidos 2º ESO

1. Linguaxe musical: ten como obxectivo instruír ao alumnado nos coñecementos básicos dos aspectos que regulan e categorizan a música.
2. Práctica instrumental: mediante o limitado emprego da voz.
3. Coñecemento instrumental: neste apartado preséntanse as distintas familias instrumentais, facendo fincapé no seu deseño, construción e forma de producir o son mais non na súa práctica polas medidas anti-COVID expostas,
4. Descubrir a música. Dobre funcionalidade: presentar ao alumnado, de forma amena, música que se afasta do repertorio que escoitan habitualmente e, por outro lado, preténdese que o alumnado perciba os elementos aprendidos de Linguaxe Musical.

5. Historia da música galega: como o seu propio nome indica, neste apartado faise un repaso da Historia da música galega desde as súas orixes ata a actualidade
6. Música moderna: este bloque pretende que o alumnado amplíe os seus gustos e coñecementos musicais e contribúa a formalo nun consumo responsable da música.

## **VII.2 Contidos 4º ESO**

Introdución e conceptos básicos

1. Xéneros e estilos musicais
2. Un mundo para escoitar: reflexións sobre o son e o ruído.
3. Música e imaxe
4. Música e medios de comunicación
5. Música e tecnoloxía
6. Ámbitos profesionais na música

## **VII.3 Contidos HMD**

### **I. Idade Media.**

- I.1 O canto gregoriano. Características, orixe e evolución. **1**
- I.2 A música profana. Xogres e goliardos. O fenómeno trobadoresco en Europa. A lírica galaico-portuguesa. Afonso X O Sabio. **2, 3**
- I.3 Nacemento e evolución da polifonía: Ars Antiqua e Ars Nova. O Códice Calixtino. **4**

### **II. O Renacemento.**

- II.1 O Renacemento en España. A música vocal profana: vilancico e romance. **5**
- II.2 A polifonía relixiosa. A música da Reforma e da Contrarreforma.
- II.3 Principais polifonistas: Palestrina, Lasso e Victoria. **6**
- II.4 A música vocal profana: o madrigal e o estilo madrigalesco. **7**
- II.5 A danza renacentista. Función social. Nacemento do ballet. **8**

### **III. O Barroco.**

- III.1 A música no Barroco: características, periodización e escolas. Evolución da linguaxe expresiva. O nacemento da ópera. **9**
- III.2 A música e a relixión: cantata, oratorio e paixón. **10, 11**
- III.3 As formas instrumentais: orixe, características e evolución. **12**
- III.4 Ballet de cour. Comedia ballet. **13**

### **IV. O Clasicismo.**

- IV.1 Formas instrumentais clásicas: orixe, características e evolución. Música sinfónica e de cámara. **14, 15**
- IV.2 Música vocal: a reforma de Gluck. Ópera bufá e ópera seria. **16**

IV.3 O ballet no Clasicismo: o ballet de acción. Novos aspectos do espectáculo. Estética. Innovacións da posta en escena. **17**

#### **V. O Romanticismo, o Nacionalismo e o Posromanticismo.**

V.1 O piano romántico. **18**

V.2 A orquestra romántica. As formas sinfónicas. Sinfonía, concerto e música programática. **19**

V.3 O lied. **20**

V.4 A ópera. Tendencias. Evolución da ópera como espectáculo. **21, 22**

V.5 A música na España do século XIX. A zarzuela. **23**

V.6 O rexurdimento musical en Galicia. Música instrumental e vocal. **24**

V.7 O ballet romántico. Transición ao ballet académico. **25**

#### **VI. Primeiras tendencias modernas.**

VI.1 O impresionismo. Características musicais e figuras representativas. **26**

VI.2 A Segunda Escola de Viena: O dodecafonismo. O Neoclasicismo. Representantes **27, 28**

VI.3 Novas linguaxes no século XX. O século dos ismos: surrealismo, expresionismo... A evolución dos elementos da música. **30, 31**

VI.4 Os ballets rusos. Diaghilev. A danza moderna. **29**

Audicións ás que se refiren os números finais do temario da HMD.

1.	GREGORIANO	<i>Puer natus est nobis</i>
2.	M. Códax	<i>Ondas do mar de Vigo</i>
3.	AFONSO X	<i>Santa María, strela do día</i> (Cantiga nº 100)
4.	M. Goslenus	<i>Gratulantes celebremus festum</i>
5.	J. del Encina	<i>Todos los bienes del mundo</i>
6.	G. P. Palestrina	<i>Kyrie</i> (Misa do Papa Marcelo)
7.	Orlando di Lasso	<i>Matona mia cara</i>
8.	M. Praetorius	<i>La Bourrée</i> (Danzas de Terpsichore)
9.	C. Monteverdi	<i>Vi ricorda</i> (Orfeo – II acto)
10.	G. F. Haendel	<i>Hallelujah</i> (O Mesías – II acto)
11.	J. S. Bach	<i>Kommt ihr Töcher</i> (Coro inicial de A Paixón segundo San Mateo)
12.	A. Vivaldi	<i>I Mov. do Inverno</i> (As catro estacións)
13.	J. B. Lully	<i>Marcha para a cerimonia dos turcos</i> (O burgués xentilhome)
14.	J. Haydn	<i>I. Mov. da Sinfonía nº 83 'A galiña'</i>
15.	W. A. Mozart	<i>4º Mov. da Pequena Serenata Nocturna</i>
16.	W. A. Mozart	<i>Der Hölle Rache</i> (2ª Aria da Raíña da noite de A fruta máxica)
17.	C. W. Gluck	<i>Danzas – Orfeo e Euridice</i> (Acto III – Escena 3ª)
18.	F. Chopin	<i>Nocturno en MibM Op. 9, nº 2</i>
19.	L. v. Beethoven	<i>I Mov. da 5ª Sinfonía</i>
20.	F. Schubert	<i>Margarida na roca, D. 118</i>

21. G. Verdi *Libiamo ne'lieti calici* (Brinde de A Traviata – Acto I)
22. R. Wagner *Obertura de Os mestres cantores de Nuremberg*
23. R. Chapí *Dúo de Felipe e Mari Pepa* (La Revoltosa)
24. X. Montes *Negra sombra*
25. P. I. Tchaikovsky *Danza da fada larpeirada* (O Crebanoces – Acto II)
26. C. Debussy *La mer* (1º esbozo)
27. M. de Falla *Danza del molinero* (El sombrero de tres picos)
28. A. Schoenberg *Nacht* (Pierrot lunaire)
29. I. Stravinsky *A Consagración da primavera* (Introdución e augurios primaverais)
30. E. Varèse *Ionisation*
31. C. Halffter *Tiento de primer tono y batalla imperia*

### **VIII Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción**

Ao alumnado foille comunicado os criterios de avaliación ao comezo do curso.

A avaliación, será continúa, entendendo por tal a que se executa logo dunha avaliación inicial e se mantén constante ao longo de todo o proceso de ensino-aprendizaxe.

Ten carácter formativo e orientador, de xeito que proporcione a información necesaria para a detección das dificultades do alumnado e a toma de decisións en canto ás medidas precisas para a continuación satisfactoria da formación do discente.

Como procedementos e instrumentos de avaliación, destaquemos a valoración da práctica musical mediante a observación, diagnose e corrección (positiva) persoalizada. A revisión das actividades encomendadas que terán que estar reflectidas no caderno individual de cada discente.

O uso de probas escritas será evitado e así restrinxido ás probas de avaliación extraordinarias. Promoverase a avaliación escrita por medio de actividades realizadas con tempo, sen promover a ansiedade e o estrés académico mediante a p'ratca de comentarios e proxectos de traballo individuais e/ou en grupo.

De xeito xeral os criterios mínimos de cualificación e promoción na ESO son:

- Asistencia e responsabilidade. Sen caderno posto ao día non se aproba.
- Práctica cotidiana da música na aula, cantando e mai co instrmento obrigatorio (fruta doce) ou aquel outro acordado, excepcionalmente, con cada alumno/a.
- Disfrutar coa audición e a interpretación musical, recoñecendo as dificultades da música e, á vez, a riqueza de relacións que establecemos cos demais por medio

dela, e adoptando actitudes de orde, flexibilidade, cooperación, participación, diálogo e respecto; sen prexuízos ou discriminacións.

- Perseverar na creación de xuízos de valor e criterios estéticos propios sobre os distintos estilos e fenómenos musicais.
- Interese pola análise e comentario da Música atendendo ao nivel, relacionando os datos optidos pola audición e os da interpretación a investigación histórica, social, cultural e coa sensibilidade, a imaxinación, a crítica e a empatía.
- Utilizar o vocabulario técnico e a lectoescritura por solfexo correctamente para o nivel esixido, así como as técnicas de interpretación vocal e instrumental do diverso repertorio estudado.
- Discernir entre os recursos tecnolóxicos dispoñibles hoxe (Internet, teléfono mobil, TV, radio, música en directo, música propia) con criterio e fundamento.
- Participar respectuosamente na vida musical do centro.

#### **VIII.1 Criterios mínimos 2º ESO**

1. Asistencia e comportamento axeitados.
2. Traer as ferramentas de traballo todos os días. Sen caderno individual ao día non se aproba. Sen intertar esforzarse na práctica musical (fauta doce e canto) non se aproba.
3. Limpeza, orde e claridade no caderno e nos traballos por escrito encomendados.
4. Participación activa e respectuosa nas actividades musicais.
5. Interese polas normas básicas no funcionamento musical activo e pasivo.

#### **VIII.2 Criterios mínimos 4º ESO**

1. Asistencia e participación activa co instrumento/s designado/s.
2. Entrega en forma e data de actividades escritas no caderno e traballos encomendados.
3. Utilizar con soltura partituras durante a interpretación do repertorio estudado.
4. Uso das TIC e dos recursos dispoñibles para a axeitada audición, interpretación, etc

#### **VIII.3 Criterios mínimos HMD - 2º Bacharelato**

1. Asistencia e participación na aula.
2. Entrega de comentarios e outros traballos por escrito das audicións traballadas.
3. Superar, con suficiencia, as probas escritas que, excepcionalmete, sexan precisas.

### **IX Indicadores de logro no proceso de ensino**

Empregaranse distintas técnicas de diálogo docente-discentes, que se acentuarán no seu uso no periodo de avaliación trimestral. Proceso de reorientación continua, na que a aplicación da programación se acomoda aos condicionantes que permitan acadar, o máis satisfactoriamente posible, as competencias básicas e o disfrute da materia estudada.

### **X Recuperación materias pendentes**

Non hai alumnado coa materia de Música pendente do curso anterior..

### **XI Acreditación coñecementos previos nas materias do bacharelato**

Non é de aplicación

### **XII Avaliación inicial**

Interesantes e satisfactorias, véxanse actas de cada un dos cursos.

### **XIII Medidas de atención á diversidade**

En coordinación coas titorías e moi especialmente co Departamento de Orientación do centro, terase especial coidado en atender como se debe e marcan os protocolos a rodo o alumnado que o precise, en especial a aquel con carencias hipoacústicas, visuais, con problemática TDAH ou TEA, ou con algún especial risco de vulnerabilidade. Así, aplicaranse as medidas de atención a diversidade propias na ESO que a lei contempla. A saber: Accións preventivas (Art. 6 Decreto 229/2011) a destacar a colaboración coa titoría, orientadora, familias; e medidas ordinarias (Art. 6 Decreto 229/2011) e sobre todo o axeiamento da programación ao alumnado afectado, na medida en que se detecte a súa necesidade e sexa oportuno aplicar: Seguimento individualizado, preguntas orais, proporcionar tempo adicional para a avaliación, adaptación das probas de avaliación, avaliación por medio de traballos previamente estruturados, avaliar as probas escritas nos cadernos en función do contido (sen restar nota por grallas).

Neste curso lectivo non consta alumnado coa materia de música pendente do ano anterior.

Para o alumno repetidor (todos sen coa materia Música aprobada do ano pasado) terase en conta a súa situación con tarefas que eviten caer no aborrecemento.

Ademáis, tense moi en conta, con actividades axeitadas, aquel alumando cunha mellor predisposición e/ou sobredotación, por ser músicos de conservatorio, banda, rock, grupo de danza, etc.

#### **XIV Elementos transversais**

O Departamentode Música apoia o proxecto lector do centro dirixido a fomentar a lectura e escritura e a potenciar o uso da Biblioteca,

2º ESO: Visitas guiadas á biblioteca. Busca de libros, revistas, etc.

4º ESO: Elaboración de traballos nos que se terá moi en conta a adquisición das competencias básicas de escritura en canto a boa redacción, ortografía...

2º Bacharelato, tamén se contempla o uso de bibliografía e realización de proxectos de traballo.

Asemade, é vontade deste departamento colaborar co profesorado encargado da biblioteca segundo se requira.

Ao fio na necesidade de estimular o correcto uso e fomento das TIC, este departamento programa a súa **contribución ao plan TIC** como se indica:

- Optimizar o material audiovisual e informático da aula de música e do centro.
- Crear materiais como recurso didáctico.
- Ofrecer ao alumnado produtos audiovisuais nos que sexa o/a protagonista.

A proposta metodolóxica e actividades ao respecto serían:

- *Gravacións de aula.* Na ESO tamén se potenciará a gravación na aula dalgunha das actividades musicais realizadas polos discentes.
- *Gravamos en público.* Idem de participar nalgún acto académico: sesión literaria musical, teatro, concerto, etc.

*Imaxes da historia da música.* Dirixida ao alumnado de 2º Bacharelato, e realizado por eles/as, pro confección dunha presentación audiovisual en Power Point, que recolla algun punto do programa da asignatura.

### **Temas transversais.**

- *Educación do consumidor.* Necesidade de discriminar os múltiples intereses que conflúen no consumo de música e reforzar as opcións persoais con fundamento. É tal a presión dos intereses comerciais e ideolóxicos que é preciso aprender a diferenciala e a consumila cun criterio de calidade exercendo un xeito de aprender a desenvolverse, de forma xenérica na sociedade de consumo. Esta aprendizaxe resulta extrapolable a outros temas transversais como son a educación polo traballo e comercio xusto, a igualdade, os valores propios da ecoloxía, a non violencia, a loita contra aliñamento cultural e os dogmas...
- *A igualdade entre sexos.* En música non é raro que se den actitudes estereotipadas como asociar instrumentos que producen moito estrondo (batería) ao sexo masculino mentres que se outros instrumentos resérvanse (fautas, carillóns...) ao sexo feminino. Trátase de corrixir este e calquera outro sambenito discriminatorio mediante a visibilidade das mulleres na historia da música (compositoras, intérpretes...) e nas profesións musicais (profesoras, cantantes, bailarinas, etc.). Esta aprendizaxe resulta extrapolable a loita contra a violencia de xénero, a trata de blancas, a explotación laboral e social...
- *A dignidade lingüística e cultural.* A lingua propia do país é o galego. O seu uso, a súa historia, a literatura culta e a popula son orgullo e propias da dignidade asemade de útil. O castellano é a lingua oficial en España. Coidaranse ambas as dúas linguas, discriminando positivamente a máis desfavorecida e respectando o uso da outra. Sendo músicos, non faltaran cancións en inglés, ruso, apache, xaponés... Asemade, o restante patrimonio inmaterial galego será coidado, entroutras actividades, coa participación activa nas festas rituais que coinciden dentro do calendario escolar, en especial as celebracións vinculadas ao Magosto, o Nadal, o Entroido e O Día das Letras Galegas.

### **XV Actividades complementarias e extraescolares**

Trataranse de realizar as saídas didáctico musicais que sexan posibles tendo en conta a poobrísimas oferta local de concertos de música en directo para escolares.

### **XVI Avaliación da Programación**

A avaliación da programación é paralela ao desenvolvemento do curso. Os indicadores de logro no proceso de ensino reorientarán constantemente a marcha da programación. A Memoria do Curso avaliará a programación e será punto de inicio para a súa mellora.



Como posible modelo de avaliación podería seguir esta folla de rexistro:

	1	2	3	4
1. Adecuación do deseño das unidades/temas/proxectos a partir dos elementos do				
2. Adecuación da secuenciación e a temporalización das unidades				
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización				
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unidade, tema ou proxecto.				
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na calificación.				
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.				
9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.				
10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
12. Adecuación do libro de texto (en caso de que se use).				
13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.				
14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.				
15. Adecuación do procedemento de acreditación de coñecementos previos.				
16. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos...				
17. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun examen e dunha				
18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.				
19. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.				
20. Adecuación dos criterios establecidos para o seguemento de materias pendentes.				
21. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes.				
22. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				
23. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.				
24. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				
25. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				
27. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.				
28. Adecuación do seguemento e da revisión da programación ao longo do curso.				
29. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				
30. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				

Observacións:

.....

En Baiona a 25 de outubro de 2022

Xavier Groba González

Xefe Departamento de Música, IES “Primeiro de Marzo”.